



CONTRATO DE SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA:

REDACCIÓN de MODIFICACION PUNTUAL do PXOM nas
**ÁREAS AFECTADAS polas DELIMITACIÓNS dos
CAMIÑOS de SANTIAGO**

EXPEDIENTE:

MP-PXOM nas áreas afectadas polas DELIMITACIÓNS dos CAMIÑOS de SANTIAGO

PREGO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS

O prego de condicións técnicas reúne tódalas normas técnicas a seguir para a realización dos traballos que son obxecto do contrato.

As seguintes condicións son de obrigado cumprimento polo adxudicatario da asistencia técnica, que fará constar que as coñece e que se compromete a executalas asinando o presente prego unha vez resolta a adxudicación.

O incumprimento dalgunha das condicións do presente Prego de Condicións Técnicas sen autorización expresa do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá supor a resolución do contrato.

1. OBXECTO DO PREGO

O obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares (en diante PPTP) é fixar as condicións técnicas que han de rexer a contratación da asistencia técnica para a **REDACCIÓN da MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NAS ÁREAS AFECTADAS POLA DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO no marco dos DECRETOS:**

- Decreto 247/2012, de 22 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camino Francés, ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.
- Decreto 267/2012, de 5 de decembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Oviedo.
- Decreto 154/2013, de 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camino Portugués, Ruta da Plata e Camiño de Fisterra a o seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.
- Decreto 110/2014, de 4 de setembro polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

A oferta presentárase segundo os datos seguintes, para o conxunto de ámbitos que se definen no gráfico do Anexo I:

- Camiño Inglés	580 ha
- Camiño Portugués:	191 ha
- Ruta da Plata:	290 ha
- Camiño de Fisterra:	272 ha
- Camiño Primitivo ou do Norte:	18 ha
- Camiño Francés:	<u>567 ha</u>

TOTAL (aproximado) do conxunto de ámbitos: 1.918 ha

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é: **“REDACCIÓN da MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NAS ÁREAS AFECTADAS POLA DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO no marco dos decretos da Xunta de Galicia números 247/2012, 267/2012, 154/2013 e 110/2014”.**

A Modificación Puntual ten por obxecto adaptar as determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) ás delimitacións das diferentes rutas do Camiño de Santiago qe constan definitivamente aprobadas pola Xunta de Galicia, de conformidade co esixido polo artigo 75 e seguintes da Lei 5/2010 do patrimonio cultural de Galicia.

Este labor de adaptación abrangue:

- a transposición aos planos de ordenación do PXOM da nova traza dos Camiños que resulta definitivamente aprobada
- a adaptación das determinacións urbanísticas de clasificación e cualificación nos terreos directamente afectados e no seu contorno, compatibilizando o seu réxime urbanístico cos obxectivos de protección e valorización do Camiño.
- o establecemento das condicións urbanísticas aplicables aos terreos “desafectados” polas novas delimitacións, isto é, aqueles incluídos nos ámbitos delimitados polo PXOM vixente que agora debeñen excluídos das delimitacións aprobadas pola Xunta de Galicia.
- a incorporación ao Catálogo do PXOM daqueles elementos que poidan contribuir á posta en valor das rutas delimitadas.

Ha de ter en conta as especiais características dos diferentes solos, para introducir as modificacións pertinentes de cara a adaptar a clasificación ou cualificación do solo, e non soamente nos solos incluídos nas delimitacións dos Camiños, senón tamén nas áreas homoxéneas por eles afectadas; propoñendo tamén modificacións nas condicións de edificabilidade, aproveitamento urbanístico e usos pormenorizados, ou en calquera outra determinación propia do planeamento xeral que sexa adecuada e pertinente de cara á protección e valorización dos Camiños de Santiago, e coherente cos obxectivos e estratexias establecidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente:

- Nos solos urbanos consolidados, con carácter xeral, poderáanse establecer cautelas ou proteccións nos parámetros de edificación de cada ordenanza, nas condicións estéticas, nos usos, etc.
- Nos solos urbanos non consolidados poderáanse establecer novas determinacións de usos e edificabilidade coherentes co paso do Camiño, e ca preservación e mellora dos seus valores.
- Nos solos urbanizables, poderá alterarse calquera das determinacións de categorización incluída edificabilidade, uso, aproveitamento, incluso o ámbito sempre que se respecte a súa incardinación cas estratexias e determinacións básicas definidas no PXOM.

Nos solos rústicos afectados, a Modificación reflectirá a sua clasificación como solo rústico de protección patrimonial, indicando, de ser o caso, a aplicación do disposto no artigo 49.4 do RLSG

En calquera clase de solo poderán identificarse novos elementos naturais, arqueolóxicos ou construídos a incorporar ao Catálogo de bens do PXOM, ao abeiro das novas sensibilidades e do afondamento no coñecemento do pormenor.

3. CONTIDO DO DOCUMENTO

Detállase a continuación o contido do documento:

1.- Sobre a base dunha información urbanística actualizada, da intensidade dos roles que han de desempeñar as diferentes rurtas xacobeas, e da implicación da nova lexislación urbanística e territorial, determinaránse as modificacións das clasificacións e cualificacións urbanísticas en coherencia cas proteccións e valoración dos diferentes camiños xacobeos e cas determinacións do vixente Plan Xeral.

Igualmente, e no que respecta aos núcleos rurais polos que atravesan os camiños delimitados a modificación haberá de abordar tamén a análise da evolución recente dos núcleos rurais delimitados referida tanto á súa demografía como á súa dinámica urbanística, a aproximación aos indicadores de complexidade urbanística contemplados, e a incidencia na ordenación dos núcleos rurais da entrada en vigor da Lei 2/2016 de Solo de Galicia e da posible adaptación á mesma das delimitacións e demais regulacións dos núcleos rurais.

O documento será elaborado sobre cartografía municipal, que se poderá descargar desde o Xeoportal do Concello de Santiago de Compostela:

(<http://xeoportal.santiagodecompostela.gal/xeoportalsantiago/>).

O documento redactarase seguindo as disposicións da lexislación urbanística e os regulamentos que a desenvolven, e toda a que sexa de aplicación segundo o disposto no Art. 107 de la LCSP.

O documento estará asinado, cando menos, por un técnico superior (enxeñeiro de camiños ou arquitecto) que ha de formar parte da dirección do equipo encargado da Asistencia Técnica Adxudicataria. Poderánse incorporar á dirección dos traballos e ao equipo técnico todos os profesionais das distintas disciplinas que o caso requira.

4. ORZAMENTO MÁXIMO

O orzamento máximo de licitación da asistencia técnica para a elaboración do documento será de 40.000 € (IVE excluído), que co IVE engadido (21%) ascende a 48.400,00 €

5. DIRECCIÓN E COORDINACIÓN DOS TRABALLOS

O Concello de Santiago designará á persoa que se encargue da Coordinación da Redacción do Documento, e que desenvolverá unha función de comprobación, coordinación e vixilancia da correcta labor dos traballos, e establecerá os criterios e liñas xerais complementarias do presente Prego, para a actuación da persoa, sociedade ou empresa adxudicataria.

A persoa que sexa designada polo Concello para a citada coordinación da elaboración do documento non será responsable dos cálculos, especificacións, medicións, etc., feitas pola Asistencia Técnica Adxudicataria, que asume a responsabilidade dos traballos en toda a súa medida.

Calquera modificación que se introduza no documento, xa sexa por defecto ou omisión, ou ben para adaptalo ás determinacións ou consideracións derivadas dos informes e alegacións durante os diferentes trámites urbanísticos, será por conta da Adxudicataria, sen que teña dereito a ningún tipo de compensación económica por estes traballos.

A persoa, sociedade ou empresa adxudicataria designará -de entre as que formen a dirección dos traballos- unha persoa delegada, con titulación superior, que será o único interlocutor ante a dirección da elaboración do documento, e facilitará, si é o caso, un listado do persoal facultativo que colaborará na redacción do documento urbanístico. A persoa delegada manterá coa persoa designada como coordinadora do documento cantas reunións como esta estime necesarias para a correcta marcha da súa redacción.

6. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DO DOCUMENTO

A documentación para a tramitación do documento ha de adaptarse ás determinacións e instrucións establecidas nas NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA.

Ademais, han de entregarse 2 copias en papel, e idéntica documentación en formato dixital do seguinte xeito:

- 1 CD/DVD copia en formato PDF con toda a documentación presentada
- 1 CD/DVD con:
 - Planos en formato vectorial: GIS ou DGN (preferentemente), aínda que se admiten en DWG ou DXF, se fose mais oportuno, incluídas librerías de fontes (tipos de letras), arquivos de plumillas de impresión ou táboas de plumas.
 - Textos en WORD
 - Follas de cálculo en EXCEL
 - Bases de datos en ACCES

Sempre que se realice algunha entrega en papel (aínda que sexa parcial) deberáse facer unha entrega completa en formato dixital.

7. FASES

A execución e pagamento dos traballos axustaranse ás seguintes fases:

1ª. Borrador e documento ambiental estratéxico (20%): Comprende a elaboración do Documento ambiental estratéxico (DAE) co contido e nivel de determinacións esixido pola normativa aplicable, así como o Borrador do plan co contido esixido polo artigo 145 do RLSC, axustado ao alcance da Modificación

2ª. Documento de aprobación inicial (30%): Comprende a formulación do documento que haxa de someterse á aprobación inicial do Pleno municipal, no que se integrarán as determinacións do informe ambiental estratéxico, así como as cuestións requiridas polos servizos técnicos e xurídicos do Concello.

3ª. Informe sobre a participación pública e informes sectoriais (10%): Comprende o análise detallado das alegacións formuladas durante o trámite de información pública e dos informes recibidos doutras administracións, incluíndo a resposta motivada das distintas cuestións suscitadas. Inclúirá un resumo descritivo das modificacións ou reformas que se propoña incorporar ao documento inicialmente aprobado, achegada da correspondente documentación gráfica explicativa das reformas propostas.

4ª. Documento de aprobación provisional (25%): Comprende a elaboración do documento que haxa de someterse á aprobación provisional do Pleno municipal, no que se integrarán as modificacións resultantes do trámite de participación pública e dos informes sectoriais emitidos, de conformidade co informe-proposta que emitirán os servizos técnicos municipais á vista do emitido polo equipo redactor na fase 3ª.

5ª. Documento de aprobación definitiva ou refundido (15%): Comprende a elaboración do documento que haxa de someterse á aprobación definitiva do Pleno municipal, que integrará, de ser o caso, as cuestións sinaladas no informe preceptivo e vinculante da administración autonómica, logo do informe dos servizos técnicos municipais. Se así o acordase o Pleno municipal no acto de aprobación definitiva, incluírá a elaboración dun documento refundido que integre todas as modificacións definitivamente aprobadas.


Tamén se entregará un documento completo da APROBACIÓN INICIAL e outro da APROBACIÓN DEFINITIVA e/ou do DOCUMENTO REFUNDIDO, se fose o caso.

Santiago de Compostela, a 25 de outubro de 2020

Asdo.: Henrique Seoane Prado

Xefe do Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística

ANEXO I



SUPERFICIE do conxunto dos AMBITOS: 1.918 ha

ANEXO II. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

CONTRATO DE SERVIZOS

ENTIDADE ADXUDICADORA:	CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
ADXUDICACIÓN:	ADXUDICACIÓN DIRECTA
OBXECTO:	asistencia técnica para a REDACCIÓN da MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NAS ÁREAS AFECTADAS POLA DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO no marco dos DECRETOS: - Decreto 247/2012, de 22 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camino Francés, ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela. - Decreto 267/2012, de 5 de decembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Oviedo. - Decreto 154/2013, de 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camino Portugués, Ruta da Plata e Camiño de Fisterra a o seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela. - Decreto 110/2014, de 4 de setembro polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.
PRAZOS DE EXECUCIÓN:	Doc. Amb. Estratéxico + Borrador Ordenación: 3 MESES Documento para Aprobación Inicial: 3 MESES Documento para Aprobación Definitiva: 2 MESES
FIANZA PROVISIONAL:	NON SE ESIXE
FIANZA DEFINITIVA:	NON SE ESIXE
CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA:	NON SE ESIXE

Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística

ASUNTO: INFORME previo á elaboración do REDACCIÓN da MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NAS ÁREAS AFECTADAS POLA DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO acordadas nos decretos 247/2012, 267/2012, 154/2013 e 110/2014 pola Xunta de Galicia.

INFORME:

1. Necesidade de contratar estes traballos a unha empresa externa.

A iniciativa da Concellería de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica de promover a efectiva integración no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente das determinacións emanadas das delimitacións dos camiños de Santiago aprobadas por diferentes decretos da Xunta de Galicia (para a protección e posta en valor dos camiños xacobeos ao seu paso polo territorio do Termo Municipal do Concello de Santiago de Compostela), necesita da formulación dos documentos urbanísticos que acometan a Modificación Puntual do PXOM que contempla a lexislación urbanística e territorial nos seus diferentes trámites, ambiental e urbanístico, e nos diferentes organismos e canles de participación pública.

Así pois, compre acometer sen dilación a REDACCIÓN da MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NAS ÁREAS AFECTADAS POLA DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO no marco dos DECRETOS:

- Decreto 247/2012, de 22 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.
- Decreto 267/2012, de 5 de decembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Oviedo.
- Decreto 154/2013, de 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra a o seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.
- Decreto 110/2014, de 4 de setembro polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

Compre tamén facer constar a necesidade de contratar cunha asistencia técnica externa, ante a imposibilidade de que estas tarefas se poidan realizar por persoal deste Servizo á vista das actuais tarefas encomendadas de impulso, control e seguimento dos diferentes expedientes de planeamento e xestión encomendados

desde a Dirección da Area de Urbanismo e a Concellería de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica.

Os diferentes documentos (Documento Ambiental Estratéxico, Borrador de Ordenación, e os diferentes documentos integrados de información, análise, diagnóstico e de proposta de ordenación, urbanística a elaborar para cada fase de tramitación) realizaranse para o conxunto dos ámbitos delimitados polos decretos e incorporará modificacións necesarias e pertinentes fora deses ámbitos na medida en que sexan necesarias para acomodar as determinacións das delimitacións dos camiños con determinacións do planeamento municipal vixente.

O conxunto de todos os ámbitos delimitados dos camiños acada unha superficie aproximada de 2.000 hectáreas.

2. Estimación dos honorarios.

Para a estimación dos honorarios de redacción do REDACCIÓN da MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NAS ÁREAS AFECTADAS POLA DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO acordadas nos decretos 247/2012, 267/2012, 154/2013 e 110/2014 pola Xunta de Galicia considérase que hai que ter en conta a superficie total do conxunto dos ámbitos sobre as que é necesario propoñer a adaptación das determinacións referidas á clasificación e cualificación urbanística e ás súas determinacións e ordenanzas particulares, todas enmarcadas nas disposicións legais e normativas agora vixentes, e nas determinacións estratéxicas derivadas do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente.

Para a estimación dos honorarios considérase un prezo unitario por superficie a abordar de 20 €/ha sobre a superficie total do conxunto dos ámbitos.

Así pois, os honorarios estímase en: $2.000 \text{ ha} \times 20 \text{ €/ha} = 40.000 \text{ €}$

En total será: $40.000 \text{ €} + 21\% \text{ IVE} = 48.400 \text{ €}$

Debe entenderse que se inclúen nestes honorarios calquera tramitación colexial que sexa necesaria, así como a confección dos documentos completos e formatos necesarios, que se detallan no correspondente Prego de Condicións Técnicas.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020

Asdo.: Henrique Seoane Prado
Arquitecto. Xefe do Servizo